

INFORME DE INTERVENCIÓN

En cumprimento da legalidade vixente, e en relación co proxecto de orzamento xeral da Deputación para o exercicio de 2023, emítase o seguinte informe:

LEXISLACIÓN APLICABLE

1. Lei 7 /85, de 2 de abril (LRBRL).
2. Artigos 162 a 171 do R.d.l. 2/2004, de 5 de marzo (TRLRFL).
3. Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade Financeira e o R.d. 1.463/2007, de 2 de novembro, polo que se aproba o Regulamento da LXEP.
4. Artigos 2 a 23 do R.d. 500/90, de 20 de abril (RP).
5. Orde de 20 de setembro de 1989, pola que se establece a estrutura dos orzamentos das entidades locais.
6. Artigo 20.28 da Lei 37/92, de 28 de decembro, do Imposto sobre o Valor Engadido (LIVE)
7. artigo 3.1, a) do RD 1619/2012, de 30 de novembro, Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación (RF)
8. Proxecto de Lei dos PXE para o exercicio de 2023

FUNDAMENTOS XURÍDICO-ECONÓMICOS

Estrutura orzamentaria.

Todos os orzamentos que integran o orzamento xeral da Deputación se formulan segundo a estrutura orzamentaria regulada na referida Lei 39/1988, desenvolvida pola orde de EHA/3565/2008, de 3 de decembro, de aplicación obrigatoria dende o 1 de xaneiro de 2010 e as súas modificacións posteriores.

Tamén se ten en conta o previsto no R.D. 500/90, coñecido como "Regulamento orzamentario", polo que o que subscribe considera que tanto o orzamento xeral como as bases de execución cumpren con carácter xeral ámbalas dúas normas.

Equilibrio orzamentario.

O orzamento xeral consolidado da Deputación preséntase nivelado en gastos e ingresos por importe de 185.387.403 € e, se ademais temos en conta que non se necesita financeiro con endebedamento, pódese afirmar que cumpre co requisito do déficit cero.

Capacidade de aforro a curto e longo prazo.

Os ingresos correntes consolidados experimentan un crecemento de 5.935.727€ (3,36%), sendo suficientes para facer fronte aos gastos correntes e permiten un aforro neto orzamentario consolidado que se cifra en 55.910.009€; aforro que aumenta 327.815€, é dicir, a capacidade da Deputación para o financiamento de investimentos mellora, pero podería ser mellor se non aumentara tanto o gasto corrente (+6.136.058,00 €).

Tendo en conta a situación económica actual e a previsible para os próximos anos, faise necesario, para evitar que a solvencia da Deputación se vexa comprometida e se poida manter no tempo, controlar o crecemento dos gastos correntes estruturais, e seguir coa redución do endebedamento, xa que os ingresos van caer a medio e longo prazo. Así mesmo, é imprescindible non acometer investimentos que xeren moito gasto corrente e limitar ó máximo a realización de gastos plurianuais.



Suficiencia dos créditos para gastos.

As dotacións para facer fronte os compromisos adquiridos estímense suficientes en función das previsións que se teñen para unha execución normal do orzamento, sen prexuízo de tramitar expedientes de modificación do orzamento durante o exercicio se fose necesario.

Gatos de persoal.

Os créditos para gastos consolidados de persoal da Deputación e os seus organismos aumentan en 2.093.647€ (3,95%), este incremento débese basicamente ao incremento do 2,5 por cento (4% en relación co do exercicio anterior) das retribucións para o próximo exercicio, e a pequenas variacións nos cadros e relacións de postos de traballo, cuxo detalle figura na proposta de variacións e no informe de Recursos Humanos e Formación.

Realismo das previsións de ingresos.

Conforme se explica na memoria e no informe económico-financieiro, as previsións de ingresos dos distintos conceptos que integran o estado de ingresos considero que son realizables, de modo que se garante a existencia de liquidez para poder facer fronte ás obrigas coa debida prontitude, e evitar un incremento dos custos dos bens e servizos que se compran. Asimesmo, evítase a reclamación de intereses por demora no pagamento.

Bases de execución do orzamento.

As bases de execución do orzamento considero que se axustan, en termos xerais, á normativa que nelas se desenvolve.

Estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda.

Como para financiar este orzamento non é necesario aumentar o endebedamento da Deputación, o endebedamento diminúe en 240.833€, o mesmo cumpre o requisito da estabilidade orzamentaria, regra do gasto e límite da débeda.

CONCLUSIÓN

Como consecuencia do exposto, infórmase favorablemente o orzamento xeral da Deputación para o ano 2023.

Pontevedra, 11 de outubro de 2022

O INTERVENTOR



INFORME INTERVENCIÓN

ASUNTO: FISCALIZACIÓN DAS PROPOSTAS DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE PERSOAL E DA RPT DE PERSOAL FUNCIONARIO E LABORAL FIXO, E DAS BASES DE APLICACIÓN DE RETRIBUCIÓN PARA O ANO 2023.

Examinadas as propostas referidas, esta Intervención informa:

1- En canto á fiscalización das propostas de asignación do factor dedicación no complemento específico de varios postos de traballo:

Con carácter previo á fiscalización destas propostas é preciso indicar que:

A asignación do factor dedicación supón:

- A realización de traballo fora da xornada normal de un mínimo de 20 horas/mes e un máximo de 60
- A nivel económico retribúese mensualmente como si se realizaran mais de 50 horas/mes (varía un pouco en función dos postos)

A regulación do factor dedicación nas Bases de aplicación de retribucións do persoal é insuficiente, o que pode dar lugar a que se asigne este factor dentro do complemento específico de forma discriminatoria.

Coa finalidade de evitar unha asignación do factor dedicación discriminatoria con respecto a outros postos de igual ou superior categoría, na fiscalización destas propostas esta Intervención ten en conta os factores ou criterios definidos no Informes de data 10 de outubro de 2019 e 5 de maio de 2022.

De acordo con estes informes o factor dedicación pódese asignar por dous motivos:

- 1- Postos nos que requiren a realización dun mínimo de 20 horas no traballo fóra da xornada normal e que teñen que levar os asuntos pendentes do traballo fóra do mesmo (pensar nos asuntos do traballo fóra da xornada laboral), esta circunstancia presúmese naqueles que esixen para o seu desempeño un alto ou medio contido intelectual e responsabilidade.
- 2- Postos que pola súa natureza necesitan realizar mais de 50 horas mensuais fóra da xornada normal e non sexan facilmente externalizables (como é o caso dos condutores do Parque Móbil)

Así, dende o exercicio de 2019 estanse a aplicar os seguintes **criterios na fiscalización das propostas de asignación do factor dedicación encadrables no primeiro apartado:**

1. Realización de tarefas de alto/medio contido intelectual, que supoñen a dedicación no desenvolvemento das funcións tanto no posto de traballo como fóra do mesmo.
2. Elaboración e sinatura de documentos e informes que poden implicar a esixencia de responsabilidades administrativas, civís e incluso penais.



3. A existencia doutros postos no servizo que poidan realizar as tarefas que serven de xustificación á proposta de nova asignación.
4. O número de postos con dedicación no servizo, así como si o posto para o que se propón a asignación ven realizando traballos fora da xornada normal de forma intensa e continuada por un longo período de tempo.

Analizadas as **propostas de asignación do factor dedicación na RPT do ano 2023** aos postos que a continuación se relacionan á vista dos criterios anteriormente expostos, conclúese que:

1. A proposta de asignación do factor dedicación ao posto de traballo de **adxunta á Xefatura de Servizo de Igualdade (A2-25)** ocupado por Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, **non se considera procedente** pois:
 - **As tarefas** propias do posto **non requiren dun alto contido intelectual**, realizando funcións de colaboración técnica coas de nivel superior, así como de aplicación das normas, xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución de expedientes normalizados ou estudos e informes que no correspondan a tarefas de nivel superior, pero **sen asinar ningún informe ou documento**, polo que a responsabilidade dos expedientes tramitados pola citada funcionaria recae sobre o superior xerárquico que os supervisa, que xa ten engadido o factor dedicación dentro do seu complemento específico.
 - **No informe-proposta de modificación do cadro de persoal e da RPT do ano 2023 do Servizo de Igualdade propónse a creación dunha praza de traballador/a social**, o que permitirá realizar unha reasignación das tarefas encomendadas ao posto de Dona Ana Isabel Amoedo Garrido, **diminuíndo a carga de traballo.**
 - Realizada unha análise dos datos obxectivos aportados polo sistema de control de presenza, si se aprecia a realización dun intenso e constante número de horas fóra da xornada laboral, que na súa maioría se corresponden coa asistencia durante todo o desenvolvemento dos actos organizados polo Servizo. Neste sentido e tendo en conta que estas asistencias implican un importante número de traballos fóra da xornada laboral que se abonan en concepto de gratificación mensualmente, **esta Intervención precisa aclarar que as funcións propias do persoal técnico funcionario de carreira non comprenden a presenza durante o desenvolvemento de actos ou eventos organizados por calquera Servizo desta Deputación Provincial, mais cando a asistencia a estes actos non implique o exercicio de funcións inherentes ao seu posto.**
2. A proposta de asignación do factor dedicación ao posto de traballo de **Xefatura de Sección de Cohesión Social e Xuventude (A2-25)** ocupado por Dona Sandra Vázquez Vázquez, **non se considera procedente** pois:
 - **As tarefas** propias do posto **non requiren dun alto contido intelectual**, realizando funcións de colaboración técnica coas de nivel superior, así como de aplicación das



normas, xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución de expedientes normalizados ou estudos e informes que no correspondan a tarefas de nivel superior, pero **sen asinar ningún informe ou documento**, polo que a responsabilidade dos expedientes tramitados pola citada funcionaria recae sobre o superior xerárquico que os supervisa, que xa ten engadido o factor dedicación dentro do seu complemento específico.

- O **Servizo conta con dous postos máis de traballador/a social**, debendo realizarse unha resignación das tarefas propias deste tipo de posto se fóra preciso, coa intención de **optimizar os recursos humanos dispoñibles**.
 - Realizada unha análise dos datos obxectivos aportados polo **sistema de control de presenza**, esta Intervención advirte que **non queda acreditada a realización dun intenso e constante número de horas fóra da xornada laboral** que reflexe a dedicación ou dispoñibilidade inherente ao factor dedicación, pois o exceso de xornada **no que vai de ano non chega en total nin as 20 horas.**
3. A proposta de asignación do factor dedicación ao posto de traballo de **Xefatura de Sección de Deportes (A2-25)** resultante da modificación do complemento de destino do posto de técnico de deportes (A2-23) ocupado por Don David Simal Fondevila, **non se considera procedente** pois:
- **As tarefas** propias dun técnico de xestión **non requiren dun alto contido intelectual**, realizando funcións de colaboración técnica coas de nivel superior, así como de aplicación das normas, xestión dos procedementos administrativos, propostas de resolución de expedientes normalizados ou estudos e informes que no correspondan a tarefas de nivel superior, pero **sen asinar ningún informe ou documento**, polo que a responsabilidade dos expedientes tramitados recae sobre o superior xerárquico que os supervisa.
 - O **Servizo conta con dous postos máis de técnico de deportes**, debendo realizarse unha resignación das tarefas propias deste tipo de posto se fóra preciso, coa intención de **optimizar os recursos humanos dispoñibles**.
 - Realizada unha análise dos datos obxectivos aportados polo **sistema de control de presenza**, esta Intervención advirte que **non queda acreditada a realización dun intenso e constante número de horas fóra da xornada laboral** que reflexe a dedicación ou dispoñibilidade inherente ao factor dedicación, pois o exceso de xornada **no que vai de ano non chega en total nin as 25 horas.**
4. A proposta de asignación do factor dedicación ao posto de traballo de **Xefatura de Sección de proxectos do Servizo de Arquitectura e Urbanismo (A1-26)**, **se considera procedente** pois:
- **As tarefas** propias do posto **requiren dun alto contido intelectual**, coa elaboración de documentos ou emisión de informes técnicos e a sinatura dos



mesmos, seguimento e dirección de obras promovidas pola Deputación de Pontevedra, así como control e supervisión da súa execución ou a supervisión de proxectos, coas **posibles responsabilidades** que da súa actuación puidesen derivarse.

- Ademais da Xefatura do Servizo, **o Servizo de Arquitectura e Urbanismo non conta con ningunha outra praza de Arquitecto/a.**
 - A existencia da dispoñibilidade é inherente a este tipo de postos pola evidente dedicación no desenvolvemento das súas funcións tanto no posto de traballo como fóra do mesmo.
5. A proposta de asignación do factor dedicación ao posto de traballo de **Xefatura de Sección do Servizo de Cooperación (A1-26)** resultante da modificación do complemento de destino do posto de técnico administrativo (A1-25) ocupado por Don Marcos Areán González, **se considera procedente** pois:
- **As tarefas** propias do posto **requeren dun alto contido intelectual**, coa realización de trámites administrativos de nivel superior como a elaboración de Acordos Marco, pregos de cláusulas administrativas, bases reguladoras de subvencións, asesoramento no ámbito da cooperación transfronteriza ou a supervisión das tarefas realizadas polos técnico de xestión do Servizo.
 - Ademais da Xefatura do Servizo, **o Servizo de Cooperación non conta con ningunha outra praza de Técnico de Administración Xeral.**
 - Realizada unha análise dos datos obxectivos de Don Marcos Areán González, aportados polo **sistema de control de presenza**, a súa dispoñibilidade para a realización da actividade ordinaria ou extraordinaria queda acreditada polos datos examinados que reflexan a realización dun intenso e constante número de horas fóra da xornada laboral. Neste sentido tamén é preciso sinalar que o funcionario mencionado percibía mensualmente un complemento de produtividade con xustificación nunha serie tarefas e funcións encomendadas antes da súa promoción interna, tarefas e funcións que tamén ten que desenvolver no posto de traballo no que promocionou, non percibindo na actualidade complemento de produtividade algún pois quedaría absorbido pola asignación do factor dedicación dentro do seu complemento específico.

Das cinco propostas de asignacións do factor dedicación unicamente cumpren os criterios sinalados dúas, pois no tres casos restantes os postos non esixen para o seu desempeño un alto ou medio contido intelectual nin entrañan unha grande responsabilidade. Ao posto de adxunta á Xefatura do Servizo de Igualdade podería asignárselle polo motivo segundo, pero débese recolle así na proposta e no acordo de asignación.

Finalmente indicar que, esta Intervención entende que os criterios que se teñen en conta na fiscalización das propostas de asignación do factor dedicación deberíanse incorporar á regulación deste concepto retributivo nas Bases de aplicación de retribucións para o ano



2023, coa intención de evitar que se fagan asignacións discriminatorias, xa que coa regulación actual pódesele asignar a moitos mais postos.

2- **En canto á fiscalización das propostas de modificacións das Bases de aplicación de retribucións para o ano 2023:**

1. No réxime de dedicación parcial, redúcese o mínimo de horas de presenza obrigatoria fóra da xornada laboral no centro de traballo, no obstante, esta Intervención entende que a dedicacións parcial asignarase a postos que requiran dun menor contido intelectual e responsabilidade, valorando sobre todo facer traballos fóra da xornada normal no posto e menos fóra do posto, polo que entendemos que a redución do mínimo de horas de presenza obrigatoria no posto non é razoable
2. Na Base Terceira, engádese un novo apartado coa denominación de "*Retribucións por servizos especiais*" no que se establece literalmente que "*O persoal técnico do grupo A, funcionario de carreira, que se lle asigne unha dirección de obra, percibirá unha gratificación de 50€/mes por cada obra, unha vez certificada a súa execución. Na asignación das direccións de obras procurarase un reparto equitativo entre o persoal técnico do Servizo.*", respecto desta gratificación **esta Intervención precisa facer as seguintes consideracións:**
 - falta xustificación que fundamente a conveniencia do seu abono
 - debería recollese expresamente que o persoal que teña engadido o factor dedicación dentro do seu complemento específico, en ningún caso poderá percibir esta gratificación.

CONCLUSIÓN

Á vista do exposto, esta Intervención informa favorablemente todas as propostas realizadas, **agás as propostas de asignación do factor dedicación aos postos de adxunta á Xefatura de Servizo de Igualdade, Xefatura de sección de Cohesión Social e Xefatura de sección de Deportes Xuventude** por no cumprir cos criterios anteriormente expostos e **resultar discriminatoria** con respecto a outros postos de igual ou superior categoría, a proposta de **redución do mínimo de horas de presenza obrigatoria nas dedicacións parciais,** e a proposta de abono dunha **gratificación de 50€/mes** por cada obra o persoal técnico do grupo A, **que se informan desfavorablemente.**

